

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/13	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación da Conta Xeral polo Pleno antes do 1 de outubro, segundo o artigo 212.4 DO Real Decreto Legislativo 2/2004, 5 de marzo»
<b>Data</b>	21 de setembro de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 20:35 ata as 21:21 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	José Carlos López Campos
<b>Secretaria</b>	María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNANDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ



██████████	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
██████████	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
██████████	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
██████████	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
██████████	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
██████████	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	NON
██████████	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
██████████	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
██████████	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
██████████	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 3203/2023. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Se lle concede a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen pasa a explicar que estamos ante a proposta de aprobación da Conta Xeral do Orzamento do ano 2022, a cal, despois de ser formada polo departamento de Intervención e ditaminada favorablemente pola Comisión de Facenda e Especial de Contas o 11/08/2023, foi exposta ao público mediante publicación no BOP de Pontevedra, procedendo agora á súa aprobación.

Di que, como xa estivo a disposición de todos os concelleiros e concelleiras, só vai a sinalar os datos máis salientables, así explica que a Conta Xeral está formada polo balance, pola conta de resultados económico-patrimonial, estado de cambio do patrimonio neto, estados de fluxo de efectivo, estado de liquidación do orzamento e a memoria. Esta Conta Xeral parte dunha previsión inicial de 19.637.000,00 € e finaliza cunha previsión definitiva de 36.700.000,00 €, é dicir, un incremento substancial derivado da capacidade de buscar recursos doutras administracións e das subvencións que veñen doutros lados. Di que o resultado orzamentario é



positivo en 369.000,00 €, o aforro neto positivo en 400.000,00 €, un período medio de pagamento no límite medio establecido, as inversións reais eran, inicialmente, de 4,7 millóns de euros e as definitivas de 20,3 millóns de euros. Como inversións máis importantes descantan os proxectos de EDUSI e de IDAE, que supuxeron un esforzo moi importante por parte do Concello, porque mentres non chegan os cartos do Ministerio, prodúcese un desfase entre o pagado e o ingresado, por este motivo resulta un remanente de Tesourería para gastos xerais cun valor negativo de 1.774.000,00 €, o que nos obriga a tomar algún tipo de medida.

Continúa dicindo que a Conta Xeral reflexa unha porcentaxe de endebedamento do 57,22%, polo que, sabendo que o límite está no 75%, contamos cun marxe de catro millóns de euros para poder acudir a algún tipo de operación de préstamo sin necesidade de solicitar autorización.

Finalmente, di que todos os datos aportados derivan duns ingresos que non incrementaron as taxas nin os imposto, contando cunha das cargas fiscais máis baixas de Galicia. Así mesmo, quere destacar que se atendeu ao pagamento da totalidade dos acredores, quedando tan só 8.000,00 € pendentes e que corresponden ás facturas que entraron o último día do ano imposibilitando a súa tramitación dentro do seu exercicio.

Pide a palabra o voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, para dicir que, como pasa todos os anos, os traballadores e traballadores deste Concello conformaron ben a Conta Xeral, algo que o seu grupo agradece, sobre todo nun ano complicado. En todo caso, notou a falta de auto crítica na intervención do grupo de goberno, porque ofrecen unha serie de datos non facéndose responsables dos negativos, mentres se colgan as medallas dos positivos, xa que elaboran uns orzamentos que nada teñen que ver cos que se acaban executando, considerando que non é a mellor maneira de elaborar un Orzamento; polo que colgarse medallas de recibir financiamento como, por exemplo, tres plans de investimento da Deputación de Pontevedra que veñen con criterios obxectivos e onde o grupo de goberno non ter nada que negociar, non lle parece un motivo para auto premiarse. Así mesmo, di que, por parte do grupo de goberno, se falou do remanente negativo que ofrece esta Conta Xeral, onde o Sr. Blanco Carracedo culpa á administración xeral do Estado pola falta de pagamento dunha axuda do IDAE, escusa que lle parece falsa por intentar torturar os números sen poñerse colorados; porque o grupo de goberno en febreiro do ano 2023 pediron unha prórroga para que se rematara a obra, e agora culpan ao Ministerio por non ingresar o diñeiro; ademais de que sabían perfectamente que ata que certificaran a obra (reposición de luminarias no rural) non ían a cobrar, polo que o que debían haber feito é elaborar ben os pregos de contratación e non ter que reiniciar ese procedemento e, por conseguinte, repartir esas cargas económicas entre os



exercicios 2021 e 2022 , deste xeito os datos de remanentes darían mellor. Polo dito, di que é totalmente falso que o Ministerio sexa culpable de que o remanente de Tesourería sexa negativo.

Continúa dicindo que tamén pasan por riba no tema da débeda, porque, segundo informe de Intervención, a débeda está en 8,3 millóns de euros, estando nun 57% dos recursos correntes deste Concello (sobre 15.000.000,00 € no ano 2022), sabendo o grupo de goberno que como norma xeral non é esa cantidade senón un pouco menos, e son sabedores que sobre o Concello de A Estrada, pola súa xestión na RPT, conta cunha posible débeda co persoal traballador municipal por salarios atrasados dende o ano 2016, polo que, se sumamos esa posible débeda en torno aos dous millóns de euros, aos 8,3, vamos a un nivel de endebedamento próximo ao 70%.

Tamén di que existen neste documento datos que considera incontestables, porque no ano 2021 o grupo de goberno pechou a caixa con cinco millóns e medio de euros, e no ano 2022 con dous millóns e medio de euros en saldos bancarios e no ano 2023 sabe deus como acabará, porque se acaba de recoñecer que existen problemas para pagar a provedores, sen embargo o goberno non tivo problemas para pagar as fantásticas e súper pantallas de porcentaxes de aparcamento nos distintos aparcadoiros ou para asumir os recursos que ten que poñer o Concello para acoller a proba do Enduro. Con respecto ao dito, desexa facer a reflexión de como cambia en apenas catro meses as declaracións do Alcalde, porque durante a campaña electoral declaraba que os fondos municipais eran óptimos e agora resulta que estamos nunha situación en que se están a cumprir algúns dos prognósticos do grupo socialista, tales como o nivel de débeda e a posibilidade dun plan económico-financeiro, este último que espera que veña sen medidas impostas aos traballadores e traballadoras desta casa.

Polo dito, reitera que nota a falta de auto crítica do grupo de goberno, porque existen facturas atrasadas de meses e cuxos provedores deben esperar a final de ano, esperando que se atopen os cartos para pagar. Ademais, lle produce certa decepción que se intenten torturas os números e non asuman ningún tipo de responsabilidade.

Finalmente e ante o dito, como aquí o que se vai a votar e render contas ante o Estado e o seu grupo non vai a ser un obstáculo para elo, absteranse votación deste asunto.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, quen di que cando se escoita falar ao grupo de goberno parece que todo vai moi ben, parecéndolle preocupante que haxa unha débeda tan grande e crecente; di que é certo que o nivel de débeda está no 57%, pero ao seu grupo lle parece unha porcentaxe bastante alta e cada vez máis, algo que lle parece moi perigoso. Así mesmo, considera preocupante que cada vez haxa menos



cartos , aínda que non suban os tipos impositivos e se cadra habería que subilos, pero mirando a quen se lles sube.

Finaliza que o seu grupo non votará en contra da aprobación da Conta Xeral por responsabilidade, por iso vaise a abster.

Intervén a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que entende que estamos ante un trámite para render contas e, polo tanto, vai a votar a favor da súa aprobación, aínda que as contas reflectidas na Conta Xeral non lle gustan, a pesares que que estamos ante un documento ven estruturado. Non lle gusta como o grupo de goberno está a xestionar os cartos públicos, algo que non é un debate deste Pleno, senón de cando se elabore o Orzamento municipal.

Continúa dicindo que, se escoitamos ao grupo de goberno, todos os números dan moi ben, sen embargo se temos en conta os servizos fundamentais, entón entendemos que non van tan ben as contas. Así mesmo, quere facerse eco do que recolle Intervención no seu informe, alertando dos excesivos e constantes reparos suspensivos, esixindo que o grupo de goberno, unha vez por todas, cumpra a normativa para evitar ditos reparos. Tamén se salienta no devandito informe a falta de intervención por parte do Concello na Fundación Cultural, algo que lle parece positivo porque, dende fai anos, o seu grupo ven alertando que se trata dun organismo que está nun limbo legal, considerando que a Intervención municipal debe de facerse cargo do mesmo.

Intervén o **Sr. Blanco Carracedo** para explicar que o resultado negativo do remanente de Tesourería para gastos xerais é consecuencia do esforzo inversor que está a facer o Concello en beneficio dos estradenses , cos riscos que iso supón, pero tamén teñen a solución da axilidade do Ministerio para os pagamentos e recoñecemento das débedas; porque o Concello da Estrada fixo o seu traballo e adiantou os seus cartos para os proxectos da IDAE e EDUSI derivando nese resultado de Tesourería. Di que non é certo que se necesite un plan económico-financeiro, como ocorre nalgúns concellos socialistas, porque, como saben, dende fai tempo o propio Ministerio debería facer pagamentos en nome deses concellos e non o está a facer, segundo confirman moitos provedores.

No que se refire a déficits, nós estamos nun 57% , resultado dun esforzo inversor derivado do proxecto EDUSI e do da EDUSI, soportado pola liquidez que sempre tivo este Concello. Considera que as medidas que se deberían adoptar , chegado o momento, serían a redución do gasto e o incremento do ingreso, pero , en ningún caso, un plan económico-financeiro. En definitiva, di que a solución é que o Ministerio sexa áxil e que pague, deste xeito se liquidaría todo.



En canto ao nivel de débeda, se sabe que 4,5 millóns de euros corresponden a un préstamo que se fixo para actuacións futuras e doutras que se están a executar, ou sexa, existen eses préstamos pero non dispostos.

Por último, considera que a abstención no voto é un incumprimento das obrigas de render contas tal e como o establece a normativa.

Volve a intervir o **Sr. López Bueno** para dicir que lle parece curiosa a xustificación que fai o grupo de goberno sobre o nivel de débeda, porque non hai máis que recorrer ao ano 2011, onde había unha débeda de 1,8 millóns de euros e o grupo do PP poñía o grito no ceo todos os días; e, agora, hai 8,3 millóns de euros e non pasa nada, con posibilidade de ampliación en dous ou máis, pola débeda cos traballadores. Di que, ademais, ao final de ano se dixera que a débeda era de 5,3, cando era 8,3, algo que lle gustaría que se lle explicara.

Reitera que a xustificación que se da ante esta débeda é que o Ministerio non lle pagou, cando lembra que o proxecto non se rematou no ano 2022, polo que é normal que non cobraran. Ante o dito, considera que o grupo de goberno debe facer auto crítica, porque fixeron unha mala planificación.

Tamén aclara que na súa anterior intervención non dixo que era necesario realizar un plan económico-financeiro, senón que esa ameaza está enriba da mesa e tamén se dixo hoxe nos medios de comunicación. Espera que esta situación se arranxe o antes posible polo ben da nosa veciñanza, porque todos sabemos ben cal é o actuar económico do Partido Popular e as súas receitas.

Intervén novamente o **Sr. Blanco Carracedo** para dicir que, xa que o voceiro socialista lembrou o 2011, quere tamén recordar a débeda con facturas sin respaldo orzamentario que deixou aquel grupo de goberno, catro millóns de euros que estaban debaixo das alfombras, sendo esta a causa polo que o Partido Popular puxo o grito no ceo naquel entón, porque é normal que un Concello teña débeda bancaria.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde**, quen di que é necesario facer un exercicio de rigor neste debate, porque é a primeira vez en doce anos que este goberno pecha un exercicio con liquidación negativa, polo tanto se trata dunha excepción cun motivo, o cal son uns proxectos excepcionais, un esforzo municipal derivado dun proxecto EDUSI de seis millóns de euros e outro da IDAE de oito millóns de euros a executar, aproximadamente, en tres anos, polo que non pode o voceiro socialista de retorcer os datos, iso o fai el; di que o Ministerio fai a “política do embudo”, non sabe si é porque non ten a liquidez suficiente para pagar, ou ben porque as



condicións que pon a Unión Europea son moi estritas, o que está claro e que tarda moito, paga tarde, mal e arrastro en absolutamente todo, algo que se estivo vendo nos problemas que tivemos á hora de certificar e pagar as certificacións parciais que permitía a EDUSI e se entendía que o Ministerio, ante a presión dos concellos, podería pagar algún tipo de certificación parcial e non foi así, porque obrigan a todos os concellos a que vaíamos á certificación final de todo o proxecto para despois, cando eles consideren oportuno, facer a revisión (sen ningún tipo de prazo) e, a partir de aí, se inicia o trámite administrativo para que os concellos poidan cobrar; unha auténtica barbaridade administrativa, porque obriga a que os concellos teñan que anticipar pagamentos, de feito o da Estrada ten anticipado de IDAE sete millóns de euros para pagar as certificacións das obras (condición do Ministerio, ter pagadas o 100% das certificacións) e, a día de hoxe, non cobramos nin un só euro dese proxecto; e como non se pode facer trampa e o Ministerio non é áxil, se traducen nestes datos da Conta Xeral, pero non se deriva dunha mala xestión ou mala situación financeira; os datos da Conta Xeral como da Liquidación son positivos, os prazos medios de pagamento son os correctos, etc.; estamos dentro dos parámetros dunha boa xestión a nivel económica, co condicionante que hai un elemento que distorsiona a presentación desta Conta Xeral e que é ese gran proxecto de oito millóns de euros.

No que respecta ao tema do endebedamento, di que hai que diferenciar entre as facturas pendentes de pagamento e o endebedamento propiamente dito; este último se mantivo practicamente neutro ata fai dous anos polo tema das regras de gasto e o Concello, para cumprir as medidas de estabilidade orzamentaria, só podía endebedarse naquela cantidade que amortizaba, algo que saben perfectamente os grupos da oposición, estando sempre equilibrando, salvo cando se tivo que concertar un préstamo para pagar as facturas que deixaron pendentes o anterior grupo de goberno e que importaban dous millóns de euros. Posteriormente e despois da eliminación da regra de gasto, e como calquera goberno previsor faría, se fixo unha operación de préstamo para garantir o financiamento dos proxectos que podería ter o Concello nos próximos dez anos, así un millón de euros foi destinado ao cofinanciamento do módulo de atletismo coa Xunta de Galicia, e agora non se teñen que pagar porque acadamos que a Deputación o financiasse; ao igual que non se vai a dispoñer, de momento, o millón trescentos mil euros para cofinanciar proxecto europeos, polo tanto se vai dispoñer dese préstamos cero euros ata que dispoñamos de próximos escenarios orzamentarios e que nos permitirán optar a novos proxectos europeos.

Cre que está ben explicado o do préstamo, pero tamén saber que para a oposición é máis fácil trasladar á cidadanía que este grupo de goberno está arruinando á administración local, pasando a desglosar o destino dos cartos dese préstamo de catro millóns de euros.



En canto ao plan económico-financeiro co que a oposición alarma, non é así, senón que se tratan dunhas medidas que se auto impón a administración en base a axustes do Capítulo VI ou axustes en gastos do Capítulo II, ou previsión de incremento en recadación, neste sento di que é un das cuestión que apuntou a Interventora sobre a redución do gasto pola vía de recadación dos servizos públicos e a redución dos reparos, pero o que motiva eses reparos suspensivos non é unha cuestión tan só política, senón porque estamos ante procesos de licitación moi complexos e que a dinámica de traballo dos diferentes departamentos dificultan eses procedementos. Pero, en reunións coa Sra. Interventora, unha das cuestións será lanzar os pregos para todos eses contratos que a día de hoxe estaban vencidos, pero esta cuestión non motivaría que o Ministerio nos impoña un plan económico-financeiro, senón medidas e axustes que nos permitan que nun prazo de tres anos podamos compensar ese remanente negativo de 1,7 millóns de euros en caso de que non podamos xestionar antes co Ministerio esas débedas que ten en canto as certificacións de obras pendentes, para iso se ten que forzar a ese órgano estatal que responda, porque se esta situación se prolonga no tempo haberá que buscar mecanismos que solucionen esa tensión económica.

Ante o dito, di que esta situación de alarma está provocada por unha cuestión en concreto, non existindo ningunha outra sinal en canto á xestión municipal que provoque este resultado, esperando resolver este tema o antes posible , pero dependemos da capacidade de xestión do Ministerio, esperando que sexan máis sensibles coa situación en que pon aos concellos.

Finalmente, aclara que si o resultado da Conta Xeral e o remanente negativo de Tesourería non fora polo motivo explicado, entón lles garante a todos que non estaría tranquilo nin orgulloso.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor dos grupos do Partido Popular e Mixto, e as abstencións dos grupos do PSdeG-PSOE e BNG, o seguinte **DITAME**:

Visto o ditame favorable da Conta Xeral do Orzamento do ano 2022 emitido pola Comisión de Facenda e Especial de Contas o 11 de agosto de 2023.

Transcorrido o período legal de exposición pública anunciado no Boletín Oficial da Provincia nº 160, do 21 de agosto último, sen presentarse nese tempo alegación ou suxestión ningunha sobre a dita conta, segundo a certificación de Secretaría que se acompaña, asinada con data do 12 de setembro de 2023, previo informe do funcionario encargado do Rexistro municipal da mesma data.

Visto o disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004.





Visto o debatido nesta sesión, adoptándose, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2022.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### **Expediente 2515/2023. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE RESUMO ANUAL DO CONTROL INTERNO 2022 E DOS ACORDOS CONTRARIOS AOS REPAROS PRESENTADOS AO CONSELLO DE CONTAS 2022**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 12/09/2023, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto que con data 12 de setembro de 2023 foi remitido a esta Alcaldía pola intervención municipal o resultado do Informe resumo anual do control interno 2022, e a relación de acordos contrarios aos reparos do exercicio económico 2022 presentados ante o Consello de Contas.

Vista a documentación que consta no expediente e, en virtude do establecido no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

#### **DÁSE CONTA:**

**Primeiro.-** Do informe resumo anual do control interno 2022, rexistrado na IGAE o día 28 de abril de 2023, con número de referencia INF-L01360176-2022-010463.

**Segundo.-** Da relación de acordos contrarios ao reparos formulados pola intervención no exercicio 2022, remitidos ao Consello de Contas o día 31 de maio de 2023, con número de rexistro 2023-E-RC-1043.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión.





Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

